



# folla de prevención

**LUCÍA FERRÓN VIDÁN**

Técnica superior en Prevención de Riscos Laborais

Doutora en Bioloxía

ISSGA

## A COMUNICACIÓN DO RISCO QUÍMICO (I): novo sistema de clasificación e etiquetaxe: Regulamento CLP



### QUE AXENTES QUÍMICOS DEBEMOS CONSIDERAR LEGALMENTE COMO PERIGOSOS?

O R.D. 374/2001 do 6 de abril, sobre a protección da saúde e seguridade dos traballadores contra os riscos relacionados cos axentes químicos durante o traballo (en diante R.D. de axentes químicos) obriga en primeiro lugar ao empresario a determinar se existen axentes químicos perigosos no lugar de traballo. De existiren deberá avaliar os riscos para a saúde e seguridade dos traballadores, orixinados polos devanditos axentes, é dicir, deberá

realizar unha avaliación específica de axentes químicos seguindo o procedemento que nel se indica.

O propio R.D. de axentes químicos, no seu artigo 2.5, dános a resposta de cando debemos considerar que un axente químico é perigoso:

- Os que cumpran os criterios para a súa clasificación como substancias ou preparados perigosos establecidos, respectivamente, na normativa sobre notificación de substancias novas e clasificación, e envasado e etiquetaxe de substancias perigosas e na normativa sobre clasificación, envasado e etiquetaxe

de preparados perigosos, con independencia de que o axente estea clasificado ou non nas devanditas normativas e coa excepción dos axentes que unicamente cumpran os requisitos para a súa clasificación como perigosos para o medio ambiente.

- Os axentes químicos que dispoñan dun valor límite ambiental: na práctica todos aqueles que figuran no «Documento sobre límites de exposición profesional para axentes químicos en España», que publica anualmente o “Instituto Nacional de Seguridad e Higiene en el Trabajo”.

Cando se deba realizar unha avaliación específica de axentes químicos haberá que ter en conta, entre outras consideracións (artigo 3.1):

- As propiedades perigosas dos axentes presentes e calquera outra información necesaria para a avaliación dos riscos, que deba facilitar o proveedor, ou que poida solicitarse deste ou de calquera outra fonte de información de doado acceso. Esta información debe incluír a FICHA DE DATOS DE SEGURIDADE e, cando proceda, a avaliación dos riscos para os usuarios, contempladas na normativa sobre comercialización de axentes químicos perigosos.

O seu artigo 9 (Información e formación dos traballadores) alude ademais á obriga do empresario de facilitar o acceso aos traballadores, ou aos seus representantes, a calquera ficha técnica facilitada polo proveedor conforme á normativa de clasificación, envasado e etiquetaxe de substancias e preparados perigosos.

## CAMBIOS LEXISLATIVOS: XENERALIDADES

Nestes últimos anos, a aprobación de dous regulamentos europeos (de aplicación directa para todos os países membros) produciu xa, e continuará a producir nos vindeiros anos, cambios importantes que afectan á comercialización, clasificación e etiquetaxe dos produtos químicos perigosos:

- Regulamento (CE) n.º 1907/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de decembro de 2006, relativo ao rexistro, a avaliación, a autorización e a restrición das substancias e preparados químicos (REACH), polo que se crea a Axencia Europea de Substancias e Preparados Químicos.
- Regulamento (CE) n.º 1272/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de decembro de 2008, sobre clasificación, etiquetaxe e envasado de substancias e mesturas (Regulamento CLP).

Os obxectivos que perseguen REACH e CLP van moito máis alá do ámbito da prevención de riscos laborais: preténdese mellorar a protección da saúde humana (traballadores e consumidores en xeral) e do medio ambiente, mellorar a competitividade da industria química, fomentar métodos alternativos para avaliar os riscos derivados das substancias e garantir a libre circulación de substancias no mercado interno da Unión Europea.

Estes cambios legislativos estallan a atribuír unha maior responsabilidade á industria na xestión dos riscos derivados das substancias químicas e no ofrecemento de información adecuada sobre seguridade aos usuarios. Baséanse no principio de que lles corresponde aos fabricantes, importadores e usuarios intermedios garantir que só fabrican, comercializan ou usan substancias que non afectan negativamente á saúde humana ou ao medio ambiente. A industria deberá establecer os perigos das substancias e mesturas antes da súa comercialización e clasificalas de acordo cos perigos identificados, seguindo un mesmo sistema de clasificación e etiquetaxe en toda a Unión Europea.

Esta reforma total do marco legislativo sobre substancias e preparados químicos na Unión Europea vai incrementar dun xeito notable a información existente sobre as substancias químicas e os seus riscos asociados e ademais, vana transmitir a usuarios e consumidores.

As disposicións do CLP van ir substituíndo de maneira gradual a Directiva 67/548/CEE do Consello (Directiva sobre substancias perigosas, DSP) e á Directiva 1999/45/CE (Directiva sobre preparados perigosos, DPP) ata que definitivamente as dúas queden derogadas.

Esta folla de prevención céntrase nos cambios que CLP está a producir no sistema de clasificación e etiquetaxe dos produtos químicos perigosos (substancias e preparados) e noutras informacións xeradas por este regulamento, é dicir, naqueles cambios ou novidades que CLP está a producir na información e normativa que debemos barallar para identificar e avaliar o risco químico nos lugares de traballo. Constitúe a primeira dunha serie de dúas que deben ser consideradas conxuntamente, a segunda abordará o Regulamento REACH dende esta mesma perspectiva.

## O REGULAMENTO CLP

O 20 de xaneiro de 2009 entrou en vigor o Regulamento CLP. A súa entrada en vigor modificou o Regulamento REACH e planificou a derogación da DSP e DPP, traspos-

tas á lexislación española polo Real decreto 363/1995, do 10 de marzo de 1995 para as substancias e polo Real decreto 255/2003, do 28 de febreiro de 2003, para os preparados (e as súas correspondentes modificacións e actualizacións).

Dende o 1 de decembro de 2010 é xa de obrigado cumprimento para as substancias químicas e voluntario para as mesturas. A repercusión máis importante é que o sistema de comunicación dos riscos dos produtos químicos perigosos está a mudar: nova terminoloxía, diferentes definicións dos perigos e diferente etiqueta. Durante un tempo van coexistir os dous sistemas de clasificación e etiquetaxe e polo tanto as etiquetas convencionais e as novas.

**O Regulamento CLP** en inglés “Classification, Labelling and Packaging” incorpora á lexislación comunitaria os criterios do Sistema Globalmente Harmonizado (GHS) acordados internacionalmente. O GHS é unha norma técnica de carácter internacional resultado do traballo realizado ao longo de 12 anos por institucións nacionais e organizacións intergubernamentais, rexionais e non gubernamentais, baixo a coordinación da Organización Internacional do Traballo (OIT). Este traballo culminou coa presentación e aprobación polo Comité de Expertos do Consello Económico e Social das Nacións Unidas dun documento final no ano 2002 no que se plasman criterios harmonizados de clasificación e etiquetaxe co obxectivo de chegar á harmonización a nivel mundial.

O CLP establece uns criterios europeos que deben ser aplicados para determinar se unha substancia ou mestura – utiliza o termo “mestura” en lugar do anterior “preparado”- posúe propiedades perigosas que poden danar a saúde humana ou o medio ambiente. No caso de que cumpran con estes criterios deberán ser clasificadas como perigosas de acordo coas categorías establecidas.

O CLP non se aplica a:

- Substancias e mesturas radiactivas (ámbito de Directiva 96/29).
- Substancias e mesturas sometidas a supervisión aduaneira.
- Substancias intermedias non illadas (def. art. 3 (15) Regulamento REACH).
- Substancias e mesturas destinadas a I+D científico non comercializadas se se usan en condicións controladas de conformidade coa lexislación sobre lugar de traballo e medio ambiente.
- Resíduos (def. segundo Directiva 2006/12/CE).
- Substancias e mesturas, cando sexa necesario por razóns de defensa.

- Transporte de mercadorías perigosas (excepto o contemplado no artigo 33).
- Substancias e mesturas como produto rematado destinadas ao usuario final:

- ▶ Medicamentos (Directiva 2001/83/CE).
- ▶ Medicamentos veterinarios (Directiva 2001/82/CE).
- ▶ Produtos cosméticos (Directiva 76/768/CEE).
- ▶ Produtos sanitarios (Directivas 90/385/CEE, 93/42/CEE e 98/79/CE).
- ▶ Alimentos ou pensos (Regulamento (CE) n.º 178/2002).

## **AS CLASES E CATEGORÍAS DE PERIGO DO CLP (PARTES 2 A 5 DO ANEXO I)**

A DSP identificaba 15 categorías de perigo, O CLP define 28 clases de perigo que se subdividen resultando nun total de 79 categorías, divisións ou subtipos. Ademais os criterios de clasificación de substancias e mesturas tamén poden variar de tal maneira que un produto químico (substancia ou mestura) pode ter que ser considerado perigoso cando antes nono era ou viceversa.

O anexo I do CLP define os criterios para clasificar as substancias ou mesturas nas diferentes clases de perigo. Defínense 28 clases divididas en tres grandes grupos: físicos, para a saúde humana e para o medio ambiente que á súa vez se subdividen en categorías, divisións ou tipos:

- Perigos físicos: 16 clases e 45 categorías.
- Perigos para a saúde: 10 clases diferentes e 28 categorías.
- Perigos para o medio ambiente: 2 clases e 6 categorías.

A táboa reflicte as diferentes clases e categorías de perigo coas abreviaturas que se deben utilizar nas entradas da lista de clasificación e etiquetaxe harmonizados da que se falará máis adiante.



PERIGOS FÍSICOS		
CLASE DE PERIGO	CÓDIGOS DE CLASE E CATEGORÍA DE PERIGO	
Explosivos	Unst. Expl. Expl. 1.2 Expl. 1.3 Expl. 1.1	Expl. 1.4 Expl. 1.5 Expl. 1.6
Gases inflamables	Flam. Gas 1 Flam. Gas 2	
Aerosois inflamables	Flam. Aerosol 1 Flam. Aerosol 2	
Gases comburentes	Ox. Gas 1	
Gases a presión	Press. Gas (*)	
Líquidos inflamables	Flam. Liq. 1 Flam. Liq. 2 Flam. Liq. 3	
Sólidos inflamables	Flam. Sol. 1 Flam. Sol. 2	
Substancias e mesturas que reaccionan espontaneamente	Self-react. A Self-react. B Self-react. CD	Self-react. EF Self-react. G
Líquidos pirofóricos	Pyr. Liq. 1	
Sólidos pirofóricos	Pyr. Sol. 1	
Sustancias e mesturas que experimentan quentamento espontáneo	Self-heat. 1 Self-heat. 2	
Substancias e mesturas que, en contacto coa auga, desprenden gas inflamable	Water-react. 1 Water-react. 2 Water-react. 3	
Líquidos comburentes	Ox. Liq. 1 Ox. Liq. 3 Ox. Liq. 2	
Sólidos comburentes	Ox. Sol. 1 Ox. Sol. 2 Ox. Sol. 3	
Peróxidos orgánicos	Org. Perox. A Org. Perox. B Org. Perox. CD Org. Perox. EF Org. Perox. G	
Corrosivos para os metais	Met. Corr. 1	

PERIGOS PARA A SAÚDE		
CLASE DE PERIGO	CÓDIGOS DE CLASE E CATEGORÍA DE PERIGO	
Toxicidade aguda	Acute Tox. 1 Acute Tox. 2	Acute Tox. 3 Acute Tox. 4
Corrosión ou irritación cutáneas	Skin Corr. 1A Skin Corr. 1B	Skin Corr. 1C Skin Irrit. 2
Lesións oculares graves/irritación ocular	Eye Dam. 1 Eye Irrit. 2	
Sensibilización respiratoria/cutánea	Resp. Sens. 1 Skin Sens. 1	
Mutaxenicidade en células xerminais	Muta. 1A Muta. 1B	Muta. 2
Carcinoxenicidade	Carc. 1A Carc. 1B	Carc. 2
Toxicidade para a reprodución/lactación	Repr. 1A Repr. 2	Repr. 1B Lact.
Toxicidade específica en órganos diana (exposición única)	STOT SE 1 STOT SE 2 STOT SE 3	
Toxicidade específica en órganos diana (exposicións repetidas)	STOT RE. 1 STOT RE. 2	
Perigo por aspiración	Asp. Tox. 1	

No anexo I do CLP pódense consultar con máis detalle as definicións das diferentes clases de perigo e os criterios para a división destas en diferentes categorías, divisións ou tipos.

Os fabricantes /importadores/usuarios intermedios deberán clasificar a substancia ou mestura antes de comercializala seguindo os criterios do anexo I do CLP. No caso de que cumpra algún dos criterios para incluíla nalgunha das clases de perigo indicadas será considerada perigosa e en consecuencia debidamente etiquetada tamén seguindo as indicacións do anexo I deste regulamento.


#### A ETIQUETA CONFORME O CLP:

Unha substancia ou mestura clasificada como perigosa e contida nun envase levará unha etiqueta na que figurarán os seguintes elementos:

- O nome, a dirección e o número de teléfono do provedor ou provedores
- A cantidade nominal da substancia ou mestura contida no envase a disposición do público en xeral, salvo que esta cantidade xa estea especificada noutro lugar do envase
- Os identificadores do produto
- Cando proceda, os pictogramas de perigo
- Cando proceda, as palabras de advertencia
- Cando proceda, as indicacións de perigo
- Cando proceda, os consellos de prudencia apropiados
- Cando proceda, unha sección de información suplementaria

PERIGOS PARA O MEDIO AMBIENTE	
CLASE DE PERIGO	CÓDIGOS DE CLASE E CATEGORÍA DE PERIGO
Perigoso para o medio acuático	Aquatic Acute 1 Aquatic Chronic 1 Aquatic Chronic 2 Aquatic Chronic 3 Aquatic Chronic 4
Perigoso para a capa de ozono	Ozone

Na figura represéntase unha etiqueta “tipo” .



En determinados casos pode figurar unha sección de información suplementaria con frases EUH

Indícanse deseguido as descricións básicas dos diferentes elementos que deben figurar na etiqueta.

2 Identidade de todas as substancias da mestura que contribúen á súa clasificación polo que respecta á súa clasificación en det. clases de perigo

3 En xeral como máximo identifícanse 4 substancias

#### IDENTIFICADORES DO PRODUTO:

Para as substancias:

- 1 Nome e núm. que ten asignado no anexo VI do Reg. CLP se figura nel, ou
- 2 Nome e núm. que ten asignado no catálogo de clasif. e etiquetaxe se figura nel, ou
- 3 Nº CAS + denominación IUPAC ou nº CAS + outras denominacións químicas internacionais, ou
- 4 Se non se dispón do nº CAS, a denominación da nomenclatura IUPAC ou outra/as denominacións químicas internacionais

Para as mesturas:

- 1 Nome comercial ou denominación da mestura





#### PICTOGRAMAS DE PERIGO:

A clasificación da substancia ou mestura determina os pictogramas de perigo que deben figurar na etiqueta, tal como se establece nas partes 2 (perigos físicos), 3 (perigos para a saúde humana) e 4 (perigos para o medio) do anexo I do CLP.







Os pictogramas de perigo levan un símbolo negro sobre fondo branco cun marco vermello. O símbolo inscribírase nun cadrado apoiado nun vértice. Cada un asóciase cun código determinado (ver figura).

Non todas as clases de perigo requiren un pictograma.

Como norma xeral os pictogramas asóciase coas seguintes clases e categorías de perigo:

PERIGOS FÍSICOS		
PICTOGRAMAS CLP	CLASES E CATEGORÍAS DE PERIGO	
 Bomba explotando GHS01	Explosivos inestables Explosivos, div.1.1, 1.2, 1.3 e 1.4 Substancias e mesturas que reaccionan espontaneamente, tipos A e B Peróxidos orgánicos, tipos A e B	
 Chama GHS02	Gases inflamables, cat. 1 Aerosois inflamables, cat. 1 e 2 Líquidos inflamables, cat. 1, 2 e 3 Sólidos inflamables, cat. 1 e 2 Substancias e mesturas que reaccionan espontaneamente, tipo B, C, D, E e F Líquidos pirofóricos, cat. 1	Sólidos pirofóricos, cat. 1 Substancias e mesturas que experimentan arrefecemento espontáneo, cat. 1 e 2 Substancias e mesturas que, en contacto coa auga, desprenden gases inflamables; cat. 1, 2 e 3 Peróxidos orgánicos, tipo B, C, D, E e F
 Chama sobre círculo GHS03	Gases comburentes, categoría 1 Líquidos comburentes, categorías 1, 2 e 3 Sólidos comburentes, categorías 1, 2 e 3	
 Bombona de gas GHS04	Gases comprimidos Gases licuados Gases licuados refrixerados Gases disoltos	



PERIGOS FÍSICOS		
PICTOGRAMAS CLP	CLASES E CATEGORÍAS DE PERIGO	
 Corrosión GHS05	Corrosivos para os metais, categoría 1	
PERIGOS PARA A SAÚDE HUMANA		
PICTOGRAMAS CLP	CLASES E CATEGORÍAS DE PERIGO	
 Caveira e tibias cruzadas GHS06	Toxicidade aguda (oral, cutánea, por inhalación), cat. 1, 2 e 3	
 Corrosión GHS05	Corrosión cutánea (cat. 1A, 1B e 1C) Lesión ocular grave, cat. 1	
 Signo de exclamación GHS07	Toxicidade aguda (oral, cutánea, por inhalación) cat. 4 Irritación cutánea, cat. 2 Irritación ocular, cat. 2 Sensibilización cutánea, cat. 1	Toxicidade específica en determinados órganos (exposición única), cat. 3 Irritación das vías respiratorias Efectos narcóticos
 Perigo para a saúde GHS08	Sensibilización respiratoria, cat. 1 Mutaxenicidade en células xerminais, cat 1A, 1B e 2 Carcinoxenicidade, cat. 1A, 1B e 2 Toxicidade para a reprodución, cat. 1A, 1B e 2	Toxicidade específica en determinados órganos (exposición única), cat. 1 e 2 Toxicidade específica en determinados órganos (exposicións repetidas), cat. 1 e 2 Perigo por aspiración, cat. 1
PERIGOS PARA O MEDIO AMBIENTE		
PICTOGRAMAS CLP	CLASES E CATEGORÍAS DE PERIGO	
 Medio ambiente GHS09	Perigoso para o medio ambiente acuático: Perigo agudo, cat. 1 Perigo crónico, cat. 1 e 2	

#### PALABRAS DE ADVERTENCIA:

Alertan sobre a gravidade dos perigos en xeral:

«**peligro**», palabra de advertencia utilizada para indicar as categorías de perigo máis graves e

«**atención**», palabra de advertencia utilizada para indicar as categorías de perigo menos graves.

#### INDICACIÓNS DE PERIGO (FRASES H DO INGLÉS “HAZARD”):

Indican os riscos específicos atribuídos ás substancias e mesturas en función da súa clasificación. Codifícanse mediante a letra H e un número de tres cifras.

Deben agruparse na etiqueta xunto cos consellos de prudencia.

As palabras correctas de indicación do perigo (frases H do inglés “Hazard”) tal como deben aparecer nas etiquetas figuran no anexo III do regulamento.

Veñen a substituír ás frases R da DSP.

#### CONSELLOS DE PRUDENCIA (FRASES P, DO INGLÉS “PRECAUTIONARY”):

Asesoran sobre as medidas para previr ou reducir ao mínimo os efectos adversos para a saúde e o medio derivados dos perigos inherentes á substancia ou mestura. Codifícanse mediante a letra P e un número de tres cifras.

As frases correctas que deben aparecer na etiqueta para cada código figuran na parte 2 do anexo IV do CLP.

Substitúen ás frases S da DSP.

#### INFORMACIÓN SUPLEMENTARIA

Frases EUH:

Deben figurar na etiqueta das substancias e mesturas que posúen determinadas propiedades físicas ou relativas a efectos sobre a saúde humana (indicadas na parte 1 do anexo II do CLP).

Tamén se lle asignarán a aquelas mesturas que conteñan determinadas substancias (tal e como se indica na parte 2 do anexo II).

Deben redactarse consonte o anexo III do regulamento CLP.

Nesta sección incluírase tamén:

Outra información útil xerada polo fabricante sempre que sexa coherente coa clasificación.

Outros elementos de etiquetaxe requiridos por outras normativas por exemplo, para substancias biocidas ou fitosanitarios.

Os elementos de etiquetaxe de substancias ou mesturas clasificadas como perigosas para a capa de ozono.

O número de autorización que REACH asigna aos fabricantes, importadores e usuarios intermedios.

Calquera outro requisito de etiquetaxe contemplado no anexo XVII do Regulamento REACH.

A etiqueta deberá estar escrita no idioma ou idiomas oficiais do Estado ou os Estados membros nos que se comercializa.

No noso país deberá estar escrita **como mínimo en lingua castelán**.

## **OUTRA INFORMACIÓN QUE ESTÁ A XERAR O CLP:**

### **CATÁLOGO DE CLASIFICACIÓN E ETIQUETAXE**

Unha vez que se clasifica unha substancia como perigosa é necesario notificar esta clasificación á ECHA.

A ECHA (Axencia Europea de Substancias e Preparados Químicos) é creada ao abeiro do Regulamento REACH, ten a súa sede en Helsinki (Finlandia) e é a encargada de xestionar os procesos relacionados con REACH (registro, avaliación, autorización e restrición de substancias e preparados químicos) co fin de garantir a súa coherencia no territorio da Unión Europea.

A ECHA creará o “**Catálogo de clasificación e etiquetaxe**” no que se incluírán:

- As substancias que se deban rexistrar de acordo co Regulamento REACH.
- As substancias clasificadas como perigosas que se queiran comercializar.
- As substancias comercializadas formando parte dunha mestura e que dean lugar a que a mestura sexa clasificada como perigosa por superar os límites de concentración establecidos regulamentariamente.

En concreto a **información da clasificación e etiquetaxe das substancias incluídas no catálogo deberá ser de acceso electrónico público** e poderase consultar na páxina da ECHA: [http://echa.europa.eu/home\\_es.asp](http://echa.europa.eu/home_es.asp). Estará dispoñible ao longo do ano 2011.

Dende o 1 de decembro de 2010 as notificacións débense facer no prazo de 1 mes contado dende a comercialización da substancia. A finais de xaneiro de 2011a ECHA xa recibira 3,1 millóns de notificacións que cobren un total de 107.067 substancias. O número de substancias notificadas e as notificacións recibidas seguirán aumentando e serán actualizadas periodicamente

### **LISTA DE CLASIFICACIÓN E ETIQUETAXE HARMONIZADOS**

Formarán parte desta lista todas as substancias (non mesturas) clasificadas como: sensibilizantes respiratorias de categoría 1, canceríxenas, mutaxénicas ou tóxicas para a reprodución (CMR). Tamén se incluírán nela as substancias activas de fitosanitarios e biocidas. Poderá solicitarse á ECHA a inclusión doutras substancias seguindo un procedemento regulamentario.

Esta lista recóllese no anexo VI do CLP; nela figuran as substancias anteriormente indicadas xunto coa súa clasificación e elementos de etiquetaxe. Inicialmente configúrouse coa información contida no anexo I da anterior directiva de

substancias perigosas (67/548/CE); comprende dúas táboas: na primeira figuran as substancias coa clasificación e elementos de etiquetaxe conforme o regulamento CLP e na segunda estas mesmas substancias coa clasificación e elementos de etiquetaxe antigos.

Os fabricantes, importadores e usuarios intermedios deberán utilizar a clasificación harmonizada para unha substancia que xa estea incluída no Anexo VI.

O Regulamento CLP foi xa modificado polo Regulamento 790/2009 do 10 de agosto de 2009 (primeira adaptación ao progreso técnico, ATP), e producíronse cambios que afectan á lista de substancias do anexo VI. Na páxina da ECHA pódese descargar o anexo VI do CLP incluíndo xa as modificacións provocadas por esta primeira ATP: [http://echa.europa.eu/legislation/classification\\_legislation\\_en.asp](http://echa.europa.eu/legislation/classification_legislation_en.asp)

O portal de información REACH/CLP, posto en marcha por iniciativa do “Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino” ten como obxectivo dar apoio ás empresas e en particular ás PEME, ofrecendo información gratuíta, documentación e asesoramento sobre REACH e CLP. Está ademais coordinado cos seus equivalentes europeos para ofrecer unha información harmonizada co apoio da ECHA. <http://www.portalreach.info/>

## **DATAS CLAVE NA APLICACIÓN DO CLP**

- **DENDE O 1 DE DECEMBRO DE 2010:** As substancias deben ser clasificadas e etiquetadas conforme ao novo regulamento. As substancias que xa estaban clasificadas, etiquetadas e envasadas conforme ao sistema que deriva da DSP e comercializadas (é dicir “na tenda”) **antes desta data** non se terán que volver clasificar, etiquetar e envasar (conforme ao CLP) ata o **1 de decembro de 2012**.
- **1 DE XUÑO DE 2015:** As mesturas de produtos químicos seguirán sendo clasificadas, etiquetadas e envasadas **ata esta data** conforme ao sistema que deriva da DPP. Con todo, as mesturas tamén poderán ser clasificadas, etiquetadas e envasadas conforme ao regulamento CLP o cal quere dicir que pode haber mesturas nas que figure a nova etiqueta antes desta data. **Despois desta data** as mesturas deberán ser clasificadas, etiquetadas e envasadas **obrigatoriamente** conforme ao regulamento CLP. As **mesturas** que xa estaban clasificadas, etiquetadas e envasadas conforme ao sistema que deriva da DPP e **comercializadas** (é dicir, “na tenda”) **antes desta data**, non se terán que volver clasificar, etiquetar e envasar (conforme ao CLP) ata o **1 de xuño de 2017**.

## LEMBRE

- A aprobación dos regulamentos europeos REACH e CLP produciu xa e continuará a producir nos vindeiros anos cambios importantes que afectan á comercialización, clasificación e etiquetaxe dos produtos químicos perigosos.
- As disposicións do CLP están a substituír de maneira gradual á Directiva 67/548/CEE do Consello (sobre substancias perigosas) e á Directiva 1999/45/CE (sobre preparados perigosos). O 1 de xuño de 2015 estas directivas quedarán definitivamente derogadas.
- A repercusión máis importante é que cambia o sistema de clasificación dos produtos químicos perigosos e tamén as súas etiquetas. As substancias químicas perigosas deben ser xa clasificadas e etiquetadas conforme ao novo sistema.
- A ECHA (Axencia Europea de Substancias e Preparados Químicos), está a crear o Catálogo de Clasificación e Etiquetaxe. Deberá incluír todas as substancias perigosas comercializadas; a información da clasificación e etiquetaxe destas substancias deberá ser de acceso electrónico público e poderase consultar na páxina da ECHA. Estará dispoñible ao longo do ano 2011.
- As substancias clasificadas como sensibilizantes respiratorias de categoría 1, canceríxenas, mutaxénicas ou tóxicas para a reprodución serán sometidas a clasificación e etiquetaxe harmonizados. Figurarán na lista do anexo VI do CLP xunto coa súa clasificación e elementos de etiquetaxe que son os que se deberán utilizar.

## NORMATIVA

- Regulamento (CE) n.º 1907/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, de 18 de decembro de 2006, relativo ao rexistro, a avaliación, a autorización e a restrición das substancias e preparados químicos (REACH). DOUE L 396, do 30-12-2006. Corrección de erros DOUE L 163 do 29-08-2006.
- Regulamento (CE) n.º 1272/2008 do Parlamento Europeo e do Consello do 16 de decembro de 2008 sobre clasificación, etiquetaxe e envasado de substancias e mesturas, e polo que se modifican e derrogan as Directivas 67/548/CEE e 1999/45/CE e se modifica o Regulamento (CE) n.º 1907/2006. DOUE L 353 do 31-12-2008. Adaptación ao progreso técnico e científico: Regulamento (CE) n.º 790/2009; DOUE L 235 do 05-09-2009. Corrección de erros DOUE L 16 do 20-01-2011.
- Real decreto 374/2001, de 6 de abril sobre a protección da saúde e seguridade dos traballadores contra os riscos relacionados cos axentes químicos durante o traballo. BOE núm. 104 do 1 de maio de 2001.
- Real decreto 363/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento sobre notificación de substancias novas e clasificación, envasado e etiquetaxe de substancias perigosas. BOE núm. 133 do 5 de xuño de 1995. Modificación coa finalidade de adaptar as súas disposicións ao REACH: Real decreto 1802/2008; BOE núm. 266 do 4 de novembro de 2008.
- Real decreto 255/2003, do 28 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento sobre clasificación, envasado e etiquetaxe de preparados perigosos. BOE núm. 54 do 4 de marzo de 2003.
- Real decreto 1436/2010, do 5 de novembro, polo que se modifican diversos reais decretos para a súa adaptación á Directiva 2008/112/CE do Parlamento Europeo e do Consello, que modifica varias directivas para adaptalas ao Regulamento (CE) n.º 1272/2008. BOE núm. 271 do 9 de novembro de 2010.
- Real decreto 717/2010, do 28 de maio, que modifica o Real decreto 363/1995 e o Real decreto 255/2003. BOE núm. 139 do 8 de xuño de 2010.

## ENDEREZOS DE INTERESE

- GHS: [http://www.unece.org/trans/danger/publi/ghs/ghs\\_pubdet.html](http://www.unece.org/trans/danger/publi/ghs/ghs_pubdet.html)
- Axencia Europea de Substancias e Preparados Químicos (ECHA): [http://echa.europa.eu/home\\_es.asp](http://echa.europa.eu/home_es.asp)
- Guías do CLP: [http://echa.europa.eu/clp/clp\\_help\\_es.asp](http://echa.europa.eu/clp/clp_help_es.asp)
- Portal información REACH España: <http://www.portalreach.info/>
- Portal información REACH Generalitat Cataluña: <http://infoeach.gencat.cat/cas/index.html>
- Material informativo e divulgativo elaborado polo ISSGA:  
[http://www.issga.es/html/public/campanas\\_detalle.php?campana=16](http://www.issga.es/html/public/campanas_detalle.php?campana=16)